REVISTA INFORMATIVA TRIMESTRAL

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down



PONTEVEDRA ACOLLE A GALA DO DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN

Manifesto do 21M: "A diversidade fainos medrar como sociedade e ser mellores"

ADEMAIS...

Así é a nova Guía de Orientación

O "limbo administrativo" nos fondos IRPF

Descubre os últimos capítulos do *OrientaConsello*

Asinado un convenio con Arume para a inclusión laboral en comedores escolares

Número 4 - Abril 2017

ÍNDICE

Conmemoración do 21M: Incluir é construir 3

TVG, implicada no 21M 11

Éxito na venda da batería solidaria 13

Asinado un convenio con Arume pola inclusión laboral 15

O Constitucional deixa os fondos IRPF “no limbo” 19

Centos de persoas reclaman o dereito ao voto 21

Novos capítulos do OrientaConsello 23

A Xunta financia 13 contratacións para a Federación 25

Así é a Guía de orientación académica e profesional 27

Emprego con Apoio participa en “Tú decides” de DKV 29

Cheo durante a xornada sobre dereitos na USC 31

Máis noticias? 33

Séguenos! 34

PÁXINAS 1-2

Membros de Down Coruña nunha saída de ocio

21M: DE PONTEVEDRA PARA TODA GALICIA

INCLUIR É CONSTRUIR

Un ano máis de reivindicación e loita. Este 21 de marzo as entidades e a federación alzamos a voz por unha sociedade inclusiva. A cidade do Lérez acolleu a gala anual, onde Down Pontevedra "Xuntos" celebrou o seu XXV aniversario.

REIVINDICACIÓNS AO PÉ DE MUGARTEGUI

A Praza da Pedreira de Pontevedra, xunto á fachada do Pazo de Mugartegui, foi o escenario escollido pola Federación e Down Pontevedra "Xuntos" para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down. Baixo o lema "Incluír é construír", as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual reclamaron os seus dereitos e defenderon a riqueza dunha sociedade diversa e plural.

Neste día, no que tamén se conmemoraba o XXV aniversario de "Xuntos", as verdadeiras protagonistas foron as persoas coa síndrome de Down, que reivindicaron que "a sociedade debe respectar a cada persoa porque todos temos as nosas virtudes e os nosos defectos. Iso é precisamente o que nos fai diferentes e iguais ó mesmo tempo".

Os encargados de conducir o acto institucional foron Ángeles Sabarís e Pedro García, mentres que Miguel Pérez foi o encargado de dar lectura ó Manifesto pola Autonomía Persoal. Todos eles, membros de Down Pontevedra "Xuntos" fixeron fincapé en que queren "que a xente comprenda que a diversidade nos fai medrar como sociedade e que nos fai ser mellores".

No acto tamén interviron a Deputada de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra, Digna Rosa Rivas Gómez; o Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela; o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; e os presidentes de "Xuntos", Manuel Pérez Cabo, e de Down Galicia, Delmiro Prieto González.

PÁXINAS 5-6

Fai click na imaxe para ver o vídeo sobre o acto!

O presidente de Down Galicia aproveitou a primeira parte da súa intervención para poñer de manifesto a necesidade de que o marco legal estatal se axuste máis á Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade aprobada polas Nacións Unidas en 2006. Neste sentido, aproveitou a presenza institucional dos representantes autonómicos e municipais para solicitar implicación ante estas cuestións, ao tempo que agradeceu toda a colaboración recibida para poñer en valor as capacidades das persoas coa síndrome de Down e facelas máis visibles. Prieto finalizou a súa intervención salientando que "é necesario que todos e todas recordemos que as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, ao igual que o resto da cidadanía, son suxeitos de dereitos e non obxectos pasivos ou necesitados de compaixón".

Pola súa parte, o presidente de Down Pontevedra "Xuntos", Manuel Pérez Cabo, fixo fincapé en que "o camiño percorrido foi longo e non sempre cómodo" e resaltou que "houbo moito que loitar e aínda é necesario facelo hoxe en día, tanto coas diferentes administracións como coa sociedade en xeral, para que permitan que as persoas coa síndrome de Down poidan seguir avanzando nas súas metas e na súa propia autonomía".

IV PREMIOS DOWN GALICIA

Down Galicia entregou os IV Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

O premio na categoría institucional foille concedido ó IES Montecelo pola traxectoria amosada ó longo dos anos no apoio á inclusión do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e pola colaboración continua do profesorado dos seus ciclos formativos cos programas e actividades que Xuntos leva a cabo. Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón foille concedido a Ángel Barreiro García, pola súa continua e inestimable axuda e colaboración para a realización da Gala anual da asociación desde os seus inicios.

O premio consiste nun recoñecemento simbólico e na entrega dunha figura representativa da imaxe Down realizada polo artesán galego Fernando Porto.

Ángel Barreiro e Miguel Carballa, do IES Montecelo

PÁXINAS 7-8

ILUMINACIÓN NAS 7 CIDADES GALEGAS

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia conmemoraron onte o Día Mundial da síndrome de Down. A Torre de Hércules, o Hostal dos Reis Católicos, o Pazo de Fonseca, a Cidade da Cultura, os concellos de Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela, as Fonte de Catro Camiños en A Coruña e as da Rúa Aragón en Vigo, os edificios das Deputacións de Lugo e Pontevedra, o edificio do Fogar de Santa María en Lugo ou as Burgas de Ourense foron iluminados de azul na tarde-noite do pasado martes 21 de marzo.

Concello de Ferrol

As Burgas de Ourense

TVG, IMPLICADA NO 21M

Tras o proveitoso acordo entre Down Galicia e Televisión de Galicia no 2016, a Federación e a televisión pública voltaron colaborar para dar visibilidade ao colectivo Down e seguir rompendo barreiras e estereotipos na sociedade do país.

De esta maneira, os Servizos Informativos da canle coordináronse co Departamento de Comunicación da Federación para sacar a diante case unha hora de contidos.

Dentro desta visibilización incluíuse a emisión do spot de Down Galicia nas bloques publicitarias do 19, 20 e 21 de marzo.

Esta foi a cobertura emitida por TVG. **Fai click para vela!**

16.03.2017

Reportaxe Atención Temperá - Down Vigo (Galicia Noticias)

17.03.2017

Reportaxe Inclusión Educativa - Down Compostela (Telexornal)

20.03.2017

Reportaxe Formación e Emprego - Down Lugo (Galicia Noticias)

21.03.2017

Entrevista a Delmiro Prieto, Pres. de Down Galicia (Bos días)

Conexión: Actos de Down Xuntos - Mosaico (A Revista)

Conexión: Actos de Down Xuntos - Labirinto (A Revista)

Entrevista a membros de Down Coruña (A Revista)

Reportaxe Envellecemento Activo - Down Xuntos (Telexornal)

Entrevista a Manuel Pérez, presidente de Down Xuntos, e Sonia Caldas, xerente de Down Galicia (Área pública)

Reportaxe Envellecemento - Down Xuntos (Galicia Noticias)

Conexión en directo no acto 21M - Down Xuntos (Telexornal)

22.03.2017

Noticia sobre partido solidario - Down Compostela (Galicia Noticias)

Noticia sobre partido solidario - Down Compostela (Telexornal)

23.03.2017

Noticia sobre o partido solidario - Down Compostela (Bos días)

24.03.2017

Noticia sobre a curta de Down Coruña (Galicia Noticias)

Conexión en directo desde o acto do 21M

Dani e Patricia, de Down Compostela, proban a batería

ÉXITO NA VENDA DA BATERÍA SOLIDARIA

"Cárgate de solidariedade" foi o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda 1.000 baterías recargables externas con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down.

A venda realizouse nos días previos ao 21 de marzo e esgotou todas as súas existencias. O produto ofreceuse a todas aquelas persoas e lectores do diario galego que quixeron ter a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down.

A batería, feita en aluminio, presenta un deseño moi atractivo e actual e conta cunha capacidade de carga de 2200 mAh.

Esta campaña, que complementa as accións do Día Mundial, pretende concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten con apoios e contornas adecuadas onde poidan demostrar a súa valía e crecer levando unha vida autónoma e formando parte da súa comunidade de forma visible e activa.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia e da Asociación de vendedores de prensa e rede de puntos de venda de La Voz de Galicia.

DOWN GALICIA E ARUME ASINAN UN CONVENIO POLA INCLUSIÓN LABORAL EN COMEDORES ESCOLARES

A Federación Down Galicia ven de firmar un convenio de colaboración coa empresa de restauración ARUME. Este convenio enmárcase dentro do programa "Emprego con Apoio", liderado por Down Galicia para fomentar a formación e a inserción no mercado laboral ordinario dos participantes, persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual. Arume súmase así a esta iniciativa, ofrecendo a cerca de 30 usuarios e usuarias un curso formativo como monitor/a auxiliar de comedor.

O acordo consta dunha formación teórica dunha semana de duración na que os usuarios e as usuarias se familiarizarán coas claves para exercer o posto de monitor/a auxiliar de comedor escolar. Claves que, ao rematar, poderán experimentar xa que, durante tres semanas, realizarán prácticas formativas nos comedores xestionados por Arume. Cada participante contará coa supervisión dun profesional responsable que exercerá de titor durante todo o programa, e, por suposto, disporá de todos os medios e materiais necesarios para as diferentes tarefas que terá que realizar. Ademais, Down Galicia proporcionará un preparador laboral que servirá de apoio e estará presente durante todo o proceso de formación.

Esta iniciativa levarase a cabo nas principais cidades de Galicia, nas que a federación conta con entidades membro.

Ao rematar a formación, todos aqueles usuari@s que a superen con éxito, recibirán un diploma de Monitor/a Auxiliar de Comedor Escolar. Ademais, Arume ofrecerá a algúns deles a posibilidade de ser contratados pola empresa. "A diversidade é un elemento diferenciador que nos enriquece, e dende Arume souberon ver esta oportunidade e aproveitala", afirma Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia.

Desde o ano 2002, as entidades Down en Galicia desenvolven o programa "Emprego con Apoio". Arume quere aportar, un ano máis, o seu gran de area a esta iniciativa, xa que, tal e como afirma o xerente, Carlos Varela, "o ano pasado tivemos unha primeira experiencia a nivel local que resultou moi positiva, e hoxe queremos dar un paso máis aló".

Na rolda de prensa de presentación deste convenio tamén participaron Javier Saborido Díez, usuario de Down Vigo e traballador de Arume, e Víctor Martínez Docampo, usuario do programa de Emprego con Apoio de Down Galicia que comezará mañá a súa formación como monitor auxiliar de comedor escolar. Víctor destacou que ten "ganas de facelo ben para así conseguir un contrato". Javier, pola súa parte, contou que o seu contrato "acabou antes do verán, pero Arume volveu a chamarme para este curso" e salientou que o que máis lle gusta "é traballar cos nenos porque aprendo cousas novas cada día. A verdade é que espero traballar con Arume durante moito tempo".

Sinatura do convenio xunto a membros de Down Vigo

O CONSTITUCIONAL DEIXA OS FONDOS DO IRPF NUN "LIMBO ADMINISTRATIVO"

Fai menos dun ano, as entidades sociais aplaudían a sentenza do Tribunal Supremo que garantía ás entidades de ámbito estatal a distribución de fondos derivados do 0,7% de IRPF destinado ás organizacións do Terceiro Sector.

Agora, en recente sentenza, o Tribunal Constitucional deu parcialmente a razón á Generalitat de Catalunya cando recorreu esta convocatoria, e establece que eses fondos deben xestionalos as autonomías. Ponse así en perigo novamente, a atención en igualdade de condicións que reciben actualmente miles de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual a través do movemento asociativo de Down España.

Por este motivo, a Plataforma do Terceiro Sector reuniu ás principais entidades de acción social do país para analizar a situación e acordar unha posición de consenso que permita estudar posibles vías de solución.

A Plataforma, en nome das devanditas entidades, manifesta que a atención ás persoas en situación de exclusión social non pode estar constantemente en perigo, sen saber se os proxectos dos que dependen terán ou non continuidade no exercicio seguinte. Os proxectos actualmente en marcha, e os máis de sete millóns de persoas aos que se atende por medio deles, non poden quedar nun "limbo administrativo" que impacte nunha importante parte da acción social española.

A desaparición dos fondos derivados do 0,7% de IRPF supoñería unha "ferida de morte" para o sector que se vería abocado a reducións drásticas de estrutura.

Por iso, necesítase unha aposta clara e decidida por un sistema que ofreza garantías de continuidade e estabilidade ao Terceiro Sector. Un novo sistema de distribución deste exercicio de democracia directa e solidariedade cidadá que supón que os contribuíntes destinen libremente o 0,7% dos seus impostos para apoiar ás persoas que máis o necesitan.

Neste empeño, a Plataforma mantivo varias reunións co Goberno, nas que lle trasladou a necesidade de actuar con urxencia e adoptar medidas que garantan a estabilidade do sector.

Aínda que se constituíron distintos grupos de traballo para tratar o asunto, será na reunión da Comisión para o Diálogo Civil do próximo 9 de febreiro onde se aborde a cuestión en profundidade e se expoñan diferentes opcións que preserven a solidariedade e cohesión territorial.

Down Galicia, a través de Down España, suma a súa voz á da Plataforma do Terceiro Sector e defende a pertinencia dun sistema que aproveite o potencial das entidades sociais para garantir a solidariedade territorial e reequilibrar a atención social no noso país, como viñeron facendo durante os máis de 30 anos de vixencia do modelo de repartición actual.

CENTOS DE PERSOAS RECLAMAN O DEREITO AO VOTO ANTE O CONSTITUCIONAL

O pasado 8 de febreiro, o movemento asociativo da discapacidade de toda España alzou a voz para denunciar unha grave situación discriminatoria: a revogación do dereito ao voto das persoas con discapacidade. Centos de persoas xuntáronse ao mediodía fronte ao Tribunal Constitucional para levar a cabo esta reivindicación. A concentración estivo encabezada por Mar Caamaño, membro de Down Compostela e nai de Mara, á quen se lle negou o seu voto.

O pasado mes de decembro coñecemos a recente decisión do Tribunal Constitucional de ignorar o dereito ao voto das persoas con discapacidade intelectual. Ese fallo do Constitucional parte dun recurso que presentou a familia de Mara, unha moza galega de 20 anos con discapacidade intelectual á que se lle denegou o seu dereito ao sufraxio.

O seu caso non é moi distinto do das outras 100.000 persoas que no noso país están na súa mesma situación: o ano pasado os seus pais solicitaron unha incapacitación parcial, pero "respectándolle os seus dereitos personalísimos", entre os que se atopa a posibilidade de votar. Lamentablemente, primeiro o xulgado de Santiago e máis tarde a Audiencia Provincial e o Tribunal Supremo ditaron sentenza revogándolle o seu dereito ao voto. A familia recorreu en última instancia ao Constitucional. Hai un mes este órgano decidiu rexeitar o recurso, reafirmando así a sentenza que priva a Mara de poder votar en eleccións.

Trátase dunha decisión que senta un precedente que afectará ás case 100.000 persoas con discapacidade intelectual que se atopan nesta mesma situación. Evitando pronunciarse, o Constitucional situouse en contra do dereito ao voto destas persoas.

Por ese motivo, a Federación uniu forzas co CERMI e con Plena Inclusión, para mostrar a ampla representación do colectivo da discapacidade fronte a Tribunal Constitucional.

Mar Caamaño, nai de Mara, ante os medios

DALLE AO PLAY!

NOVOS CAPÍTULOS DO *ORIENTACONSELLO*

Down Galicia presentou en febreiro e marzo dous novos episodios de OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego. Nesta ocasión, os dous capítulos están protagonizados por Miguel Vázquez, membro de Down Compostela, que fala das partes dun curriculum viate, e Antonio Barcala, de Down Pontevedra "Xuntos", que explica dos erros a evitar na elaboración deste documento.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

Desta maneira, persoas usuarias das distintas entidades Down de Galicia contan a través de vídeos breves e divertidos como facer un currículum ou unha carta de presentación, como preparar unha entrevista de traballo ou de que xeito buscar ofertas de emprego, entre outros moitos temas.

OrientaConsello ten unha periodicidade mensual e son publicados na canle de Youtube e nas redes sociais da Federación.

Fai click nas imaxes para ver os vídeos!

Capítulo 1: *As partes do currículum*, por Miguel Vázquez

Capítulo 2: Erros no currículum, por Antonio Barcala

INCORPORACIÓNS AO LONGO DE 2016

A XUNTA FINANCIA A CONTRATACIÓN DE 13 DESEMPREGAD@S PARA A FEDERACIÓN

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego, financiou a contratación de 13 persoas durante o pasado exercicio 2016 para desempeñar postos de carácter técnico na Federación Down Galicia e nos seus centros de traballo. Do total das persoas contratadas, 1 delas asinaron contratos a xornada completa durante un período de 9 meses e as 12 restantes a xornada parcial por un período de 1 ano. Mediante estas contratacións deuse cobertura a diferentes áreas e programas que conforman o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual (SEPAP).

As áreas nas que traballaron os técnicos contratados son "Comunicación e Inclusión Educativa", "Participación Social e Vida Autónoma e Independente", "Formación para o Emprego", "Emprego con Apoio", "Xestión e Administración" e "Comunicación e Captación". Deste xeito, cóbrese todo un itinerario de apoio a persoas coa síndrome de Down, desde o proceso de educación e escolarización ata o de orientación e inserción laboral, pasando pola promoción da súa autonomía e habilidades para manexarse na súa comunidade. Ademais, cóbrense postos en áreas relativas ao desenvolvemento administrativo das entidades e á sensibilización e difusión do seu traballo cara á sociedade.

Estas contratacións contribuíron a dar cobertura e apoio ás persoas con discapacidade intelectual en xeral, e coa síndrome de Down en particular, de cara a acadar a súa plena inclusión na comunidade e mellorar a súa calidade de vida.

Sesión en Down Pontevedra Xuntos



DOCUMENTO ACTUALIZADO

ASÍ É A NOVA GUÍA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Esta Guía foi elaborada coa finalidade de axudar as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que teñen que tomar decisións académicas e profesionais, nalgún momento da súa traxectoria. Por este motivo, prestamos especial atención ós requisitos de acceso que se precisan para acceder ás diferentes alternativas.

A misión deste traballo de orientación consistiu fundamentalmente en facilitar na medida do posible os medios para que as persoas que forman parte deste colectivo afronten adecuadamente a tarefa de descubrir e elixir os mellores camiños e alternativas para eles respecto do seu futuro académico e profesional.

Nesta liña, desenvolvemos unha Guía de Orientación Académica e Profesional que contribúe a axudar á persoa con discapacidade e a súa familia a encamiñar o seu itinerario formativo e profesional.

Fai click na imaxe para ver a guía!

“EMPREGO CON APOIO” PARTICIPA NA CONVOCATORIA “TÚ DECIDES” DE DKV

Down Galicia compite na XII Convocatoria de axuda a proxectos de saúde e medioambientais da aseguradora DKV co seu programa “Emprego con Apoio”. Ata o 31 de maio, asegurados e grupos de interese da compañía (clientes, médicos ou axentes) poden deixar o seu gran de area co seu voto na web do concurso, tudecides.dkvseguros.com.

A misión do proxecto é facilitar a incorporación das persoas con discapacidade intelectual no mercado de traballo ordinario, garantindo para iso todos os apoios que tanto a persoa, a familia e empregador necesiten. Aplícase a metodoloxía do emprego con apoio: sistema estruturado e sistemático de adestramento no posto de traballo, que permite á persoa con discapacidade adquirir as destrezas, habilidades e coñecementos que o seu posto de traballo demanda mediante a provisión de apoios necesarios, dentro e fóra do lugar de traballo.

Este proxecto terían 186 beneficiarios directos, e implicarían a 558 familiares das persoas con discapacidade, empresas e entorno social en xeral. Con el, espérase que novas persoas usuarias consigan unha nova inserción ou ben consigan facer prácticas laborais e manter o posto de traballo, ademais de reforzar a súa motivación e as súas habilidades sociolaborais mellorando deste xeito os seus niveis de empregabilidade.

David, de Down Ourense, traballa en Primux

CHEO DURANTE A XORNADA SOBRE OS DESAFÍOS DOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Down Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a institución do Valedor do Pobo organizaron de maneira conxunta a xornada "O desafío dos dereitos das persoas con discapacidade", que tivo lugar o pasado 14 de marzo na sala de xuntas do Decanato da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela.

A inauguración da mesma correu a cargo de Consuelo Ferreiro Regueiro, secretaria xeral da USC; Milagros Otero Parga, Valedora do Pobo; e José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, quen destacou que "non se trata tanto de que as persoas con discapacidade se adapten para integrarse na sociedade, senón que é a sociedade quen as ten que incluír".

A continuación, expertos en distintos campos analizaron a novo paradigma dos dereitos das persoas con discapacidade, a modificación do Código Civil en materia de protección e apoio a este colectivo e o dereito ao sufraxio activo e pasivo no marco da participación democrática, entre outras cuestións.

Para finalizar esta xornada informativa, tivo lugar a mesa redonda "O presente e o futuro dos dereitos das persoas con discapacidade: Incapacitación ou promoción da autonomía?".

desenvolven o programa "Emprego con Apoio", deseñado

Nesta última parte, na que participou o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto, diferentes perfís profesionais analizaron en profundidade esta cuestión, dando lugar a un debate ameno e moi enriquecedor. Prieto salientou que "é necesario que todos e todas recordemos que as persoas con discapacidad, ao igual que o resto da cidadanía, son suxeitos de dereitos e non obxectos pasivos ou necesitados de compaixón".

Xornada na sala de xuntas da Facultade de Dereito

MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Down Coruña estrea a súa curtametraxe "Buenas noticias"

A cinta amosa á sociedade as capacidades das persoas coa síndrome de Down e convídanos a reflexionar sobre esta alteración e a información que se dá sobre ela mostrando noticias como a da primeira alcaldesa con esta síndrome ou do disco de ouro para o grupo musical Síndrome de ti.

O Concello de Ferrol outorga o seu IX Premio Solidario a Teima Down Ferrol

O proxecto de inclusión educativa "Inclúeme, un máis na vida escolar", foi galardoado polo Concello de Ferrol co seu IX Premio Solidario. A decisión do xurado foi unánime ó concordar que Teima presentaba o mellor proxecto para optar ao galardón nesta convocatoria, que foi publicada no BOP do 30 de novembro do 2016.

Down Ourense obtén o selo ONG Acreditada pola Fundación Lealtad

A Fundación Lealtad, institución independente e sen ánimo de lucro, outorgou a Down Ourense o selo ONG Acreditada. Trátase dun distintivo único en España que axuda ós doantes para recoñecer de forma clara e sinxela a aquelas ONG que cumpren as actuais esixencias de transparencia e eficacia na xestión.

SÉGUENOS!

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no e-mail comunicacion@downgalicia.org.

Mosaico colaborativo e conmemorativo do 21M en Pontevedra

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down